

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 34

ano 5

maio-xuño 2011

Os arquivos municipais (III) na Idade Moderna OS LIBROS DE ACORDOS EN ÉPOCA MODERNA


“Libro de acuerdos de la *Muy Noble Leal Ciudad* de Orense del año 1720. Siendo su *escribano* de Ayuntamiento (...) *Francisco de San Pedro*”. Exceptuando a data e o nome do escribán, este é o texto que aparece nas cubertas de pergameo de boa parte dos **libros de acordos** do século XVIII do Concello de Ourense. Nesta centuria, estes libros adquiren un formato moi próximo aos actuais libros de actas municipais, e son o punto de chegada dun proceso evolutivo que arranca no século XV e continúa nos dous seguintes. Neles rexístranse as **actas notariais** das sesións municipais, é dicir, das decisións adoptadas pola corporación para o **gobierno da cidade**. En esencia, a súa estrutura é a mesma que presenta calquera acta actual: inicianse coa data e lugar de celebración da sesión, enuméranse os asistentes (corrixidor, rexedores e procurador xeral), e vaise facendo relación dos asuntos tratados e do acordo adoptado pola corporación ao respecto de cada un deles.

Ao pé da acta aparece a **validación**, é dicir, o elemento diplomático que proba a súa autenticidade: a sinatura e/ou o signo do escribán (só xeneralizados dende o século XVI), acompañados polas sinaturas dalgún ou de todos os asistentes á sesión. Nos libros do século XV é excepcional a validación, polo que os rexistros dos acordos, ao carecer desa formalidade, non poden ter consideración de actas perfectas. De aí que os mesmos escribáns que os confeccionaron os cualifiquen de **libros de notas**.

Os libros de acordos non só dan conta da organización e funcionamento do concello e, en xeral, do mundo urbano, senón que ademais permiten coñecer a perspectiva coa que se percibían nunha pequena cidade periférica, como Ourense, asuntos que afectaban a espazos que rebordaban amplamente o ámbito local. Neste sentido, o papel dos concellos das cidades como resortes administrativos da **política fiscal e militar** da Coroa (recadación de impostos e levas de soldados, aloxamento e tránsito de tropas, fortificación das prazas fronteirizas con Portugal ...) achegan datos sobre a contribución de toda a provincia de Ourense a asuntos de ámbito estatal e internacional.

Do mesmo xeito, as comunicacións do Concello de Ourense cos das restantes cidades galegas, ou con órga-

nos como a Real Audiencia ou as Xuntas do Reino de Galicia, reflicten a perspectiva ourensá sobre asuntos que concernían a todo o Reino, algúns tan transcendentais como a cuestión da **perpetuidade dos foros**, tratada na acta do 12 de decembro de 1765, e que se reproduce na imaxe do dorso.



1720. Ourense
Cubertas do libro acordos do Concello de Ourense correspondente ao ano 1720.
Orixinal; pergameo; escritura gótica; castelán; 225 x 320 mm.
AHPOu. Concello de Ourense, Libro 73.

Os concellos na Idade Moderna

Durante a Idade Moderna, a Monarquía intensificou a súa interferencia na xa minguada autonomía municipal. A iso responde a consolidación, por parte dos Reis Católicos, da figura do corrixidor para as cidades de **reguengo**, é dicir, as sometidas a xurisdición directa da Coroa. Aínda así, os concellos preferían ser de reguengo, antes que de **señorío**, xa que isto último significaba depender dun señor xurisdiccional (bispo ou nobre) que limitaba aínda máis a independencia municipal e xeraba tensións -mesmo violentas, como no **Ourense** baixomedieval- coas autoridades concellís. Nesta cidade, a confrontación entre o prelado e o Concello alimentou a arela da cidade de se converter en reguengo, condición que conseguiu *de iure* en **1628**, aínda que *de facto* os reis xa nomeaban corrixidor ininterrompidamente dende 1571. Pero o reguengo no ámbito urbano foi un *status* infrecuente en Galicia -só compartido con cinco vilas e coas cidades da Coruña e Betanzos- e, de feito, o camiño tendeu a ser o inverso, como nos casos das vilas de **Allariz** ou **Ribadavia** que pasaron de reguengo a señorío xa na baixa Idade Media.

Na Época Moderna acentuouse a concentración do poder municipal en mans da **oligarquía** urbana que, á súa vez, reforzou o seu **carácter nobiliario** e borrou os escasos vestixios burgueses do municipio. Moitos oficios de **rexedor** privatizáronse, converténdose en patrimonio de certas familias, situación propiciada pola venda de oficios practicada polos reis da **Casa de Austria** para paliar a penuria facendística da Coroa. Así, en Ourense as rexedorías caeron en mans das familias máis poderosas da cidade e nas da alta nobreza galega residente na Corte, como os condes de Lemos, Monterrei e Altamira.


No século XVIII, os **Borbóns**, no seu afán centralizador, procuraron limitar aínda máis a autonomía municipal, reforzando a figura dos corrixidores e permitindo a intromisión da nova figura dos **intendentes** na vida municipal. Carlos III tomou medidas para sanear as facendas locais e favoreceu a participación cidadá a través da elección das novas figuras dos *diputados del común* e do *síndico personero*, este último como representante dos intereses dos veciños.

Os arquivos municipais na Época Moderna

A medida que os núcleos urbanos creceron en tamaño, os seus concellos foron asumindo novas competencias, ata o punto de que durante a Idade Moderna chegaron a exercer funcións máis amplas cás de calquera outra administración, o que tivo reflexo na produción documental. Así, desta época consérvase maior volume e diversidade de documentos, algúns dos cales continúan **series iniciadas na Idade Media** como os libros de acordos, os padróns de veciños, os repartimentos de impostos, a correspondencia, ou as ordenanzas que regulaban a fiscalidade municipal, os abastos, os prezos, as actividades artesanais e comerciais, etc.

Aparecen **novas tipoloxías documentais** como os

libros de contabilidade (de mordomía, de propios, do *pósito*, ...), os libros de ordenanzas, ou as informacións de fidalguía e de limpeza de sangue. Outra documentación que se conserva da Idade Moderna é a relativa á elección e nomeamento de oficios concellís, a obras públicas e urbanismo, a camiños, a bens de propios, a padroado de ermidas e hospitais, a salubridade pública, a festexos ... Tamén se produciron documentos xerados por competencias que os concellos perderon durante a Época Contemporánea, como os expedientes xudiciais civís e criminais ou a documentación relativa á administración do cárcere.



Acta da sesión do Concello de Ourense de 12 de decembro de 1765 na que, entre outros temas, se trata a cuestión da perpetuidade dos foros. APOU, Concello de Ourense, L. 117, fol. 43 r.

Asemade, da Idade Moderna gárdase un volume importante de documentación relativa ás competencias que o rei delegaba nos concellos das cidades cabezas de provincia (como era o caso de Ourense) para a xestión de funcións propias da Coroa no **ámbito provincial**: fiscalidade real (repartimentos de alcabalas, *cientos e millones, paja y forrajes*), asuntos militares (recrutamento e aloxamento de tropas...), etc. Tamén se conserva documentación de **ámbito galego** como os libros de actas das Xuntas do Reino de Galicia, un órgano político creado no século XVI e integrado por representantes das sete cidades galegas.

Por todo isto, a primitiva **arca de tres chaves** non foi suficiente para gardar tanta documentación e fíxose necesario fabricar **armarios** con estantes e pechaduras, o que contribuíu a mellorar a organización dunha documentación en progresivo aumento. De feito, no caso de Ourense, o crecemento documental levou a que en 1768 o Concello chegase a considerar a creación dun **“archivo de provincia”** nas dependencias do ex-Colexio dos Xesuítas co fin de albergar a documentación de ámbito provincial.